

CAPITULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.-Denominación e natureza

Coa denominación Fundación Tutelar Galega para Persoas con Discapacidade Intelectual "Sálvora", constitúese unha organización de natureza fundacional para o desenvolvemento das funcións de salvagarda, asistencia e benestar social das persoas con discapacidade intelectual, de carácter particular, con fins xerais, sen ánimo de lucro e de interese galego.

Artigo 2.-Personalidade e capacidade

A Fundación constituída, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. En consecuencia goza das máis amplas facultades de administración, disposición, rigoroso dominio e gravame respecto de toda clase de bens e dereitos, de acordo con o disposto por estes Estatutos e conforme a lexislación aplicable.

Artigo 3.-Ámbito de actuación

O ámbito da presente Fundación é a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4.-Domicilio

Fixase o seu domicilio na rúa Marques de Valladares, nº 14, 1º planta, oficina 9, da cidade de Vigo, provincia de Pontevedra.

Artigo 5.-Réxime

A Fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida.

A Fundación rexerese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego en todo aquilo que non se opoña á lei anterior, ou no seu caso polas disposicións que as modifiquen o substitúan, polos presentes estatutos, e polas normas e disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o Padroado.

Tamén se rexerá pola Lei 49/2002, de 23 de decembro de Réxime Fiscal das Entidades sen fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e polo R.D.1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, así como pola demais normativa que lle sexa de aplicación, modifique ou substitúa as anteriores.

Habida conta do carácter benéfico social, asistencial, de utilidade pública e sen ánimo de lucro co que se constitúe esta Fundación, gozará de tódolos beneficios e exencións que as normas vixentes conceden a esta clase de Entidades.

CAPITULO II

FINS E MEDIOS

Artigo 6.-Fins

A Fundación ten por obxecto a prestación de toda clase de servizos, axudas e atencións ás persoas con discapacidade intelectual, sendo os seus fins a tutela e protección de persoas con discapacidade intelectual.

Artigo 7.-Actividades fundacionais

Para o cumprimento dos fins indicados a Fundación poderá utilizar calquera medio lícito, sinalando entre as actividades a realizar:

- a) Exercer o cargo de titor, curador ou outras figuras de garda das persoas con discapacidade intelectual encomendadas a Fundación segundo o dereito vixente; cumprindo coas obrigacións inherentes ó cargo, coidando da persoa e administrando seus bens con extrema dilixencia
- b) Informar, orientar e asesorar ás familias das persoas con discapacidade intelectual, titores, curadores, persoas relacionadas ca garda de persoas e bens de ditas persoas con discapacidade intelectual, así como a entidades de todo tipo que teñan fins similares.
- c) Fomenta-la comunicación con outras Fundacións, Asociacións, Centros, Organismos da Administración, e poderes estatais, autonómicos, provinciais e locais, Tribunais, Xulgados e Ministerio Fiscal, para o mellor cumprimento das funcións tutelares e de asesoramento.

- d) Organizar Conferencias, Xornadas, Mesas Redondas, Seminarios, para o estudo e información dos múltiples aspectos da problemática das persoas con discapacidade intelectual.
- e) Estimula-la creación de Asociacións, Centros, Talleres, Residencias, etc. , segundo criterios científicos e socialmente obxectivos.

Artigo 8.-Liberdade de actuación

O Padroado terá plena liberdade para determina-las actividades da fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

CAPITULO III**REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS Ó CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS****Artigo 9.-Destino das rendas e ingresos**

Á realización dos fins fundacionais deberan ser destinados as rendas e ingresos de acordo co establecido na lexislación vivente aplicable.

Artigo 10.-Beneficiarios

Serán beneficiarios da fundación:

- a) As persoas con discapacidade intelectual das que a Fundación ten encomendada a tutela, curatela ou outra figura de garda.
- b) As familias de persoas con discapacidade intelectual, ou outros responsables de Persoas con Discapacidade Intelectual.
- c) Toda persoa física ou xurídica que requira o asesoramento da Fundación sobre temas relacionados sobre a protección, tutela, o figuras afíns de Persoas con Discapacidade Intelectual.

CAPITULO IV**GOBERNO DA FUNDACIÓN: O PADROADO****Artigo 11.-Natureza**

A representación, goberno e administración corresponde a título legal e fundacional ó Padroado. En consecuencia a súa competencia para o cumprimento dos fins e da utilización dos medios fundacionais non terá outras limitacións cas sinaladas nas Leis.

Artigo 12.-Composición

O Padroado quedara composto de 6 membros como mínimo e 25 como máximo. Poderá ser patrón calquera persoa física ou xurídica designada polo padroado polo seu interese ós fins fundacionais. As persoas xurídicas deberan designar unha persoa física que os represente. O Padroado poderá declarar a incompatibilidade da persoa física proposta por aquelas, antes da súa toma de posesión.

Artigo 13.-Duración do mandato

O patróns desempeñarán as súas funcións por períodos de 4 anos, renovándose por metades cada 2 anos, podendo ser reelixidos.

Artigo 14.-Nomeamento e substitución de patróns

O nomeamento de patróns, tanto para completa-lo número máximo de membros como para cubri-las vacantes que se produzan será competencia do Padroado. A substitución dos patróns comunicaráselle formalmente ó protectorado e inscribírase no Rexisto de Fundacións.

Artigo 15.-Aceptación do cargo de patrón

Os patróns entrarán a exercer-las súas funcións despois de teren aceptado expresamente o seu cargo. A aceptación comunicárase formalmente ó protectorado para a súa inscrición no Rexisto de Fundacións.

Artigo 16.-Cesamento dos patróns

O cesamento dos patróns da fundación producirase nos supostos na lexislación vixente e por non asistencia, sen causa xustificada, durante mais de tres reunións de Padroado consecutivas. O cesamento dos patróns comunicarase formalmente ó protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións

Artigo 17.-Organización do Padroado

O Padroado elixirá do seu seno, un Presidente, un Vicepresidente, un Tesoureiro e se é o caso secretario.

Artigo 18.-O Comité Executivo

A efectos dunha maior eficacia, o Padroado poderá constituír unha Comisión Executiva composta polo Presidente, Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro.

Esta comisión terá as facultades que lle delegue o Padroado, nas limitacións previstas na Lei.

O Presidente poderá convocar as reunións do Comité executivo ás persoas que estime oportunas.

Artigo 19.-O Presidente

O Presidente terá a delegación permanente do Padroado en canto a representación do mesmo, tendo as seguintes facultades:

- a) Convocar e presidir as reunións do Padroado
- b) Propoñer a creación de Comisións e Grupos de Traballo
- c) Manter estreitas relacións coa Xerencia, na procura de maior eficacia na labor de dito órgano, así como velar polo exacto cumprimento das súas funcións.
- d) Executarlo acordado polo Padroado.
- e) Vixiar, en unión do Tesoureiro, o exacto cumprimento das partidas do presuposto, previamente aprobado polo Protectorado.
- f) Delegar a súa representación e funcións no Vicepresidente ou en calquera outro membro do Padroado, así como na Xerencia, determinando concretamente as facultades.
- g) Tomar decisións que pola súa urxencia non permitan a convocatoria inmediata do Padroado, dando conta na primeira reunión do mesmo.
- h) Aceptar e recibir as axudas, legados, herdanzas, doazóns, subvencións, donativos, etc. procedentes de calquera persoa natural ou xurídica, pública ou privada, nacional ou estranxeira
- i) Outorgar poderes para preitos a procuradores e avogados; interpoñer demandas, querelas ou outros escritos ante toda clase de autoridades, centrais, autonómicas, provinciais e locais, xulgados e Tribunais de calquera grao, orden e xurisdicción, seguindo os asuntos polos seus trámites, ou desistir deles, interpoñendo recursos incluso os de nulidade, casación, revisión e amparo.

Artigo 20.- O Vicepresidente

Corresponderá ó vicepresidente realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia ou imposibilidade.

Artigo 21.-O Secretario

Son funcións do secretario:

- a) Redacción das actas do Padroado
- b) Leva-los libros de reunións.
- c) Face-las convocatorias segundo as instrucións do Presidente.
- d) Expedir as certificacións e informes que sexan necesarios
- e) Realizar aquilo especialmente encomendado polo Presidente

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo patrón designado polo Presidente

Artigo 22.-O Tesoureiro

Son funcións do tesoureiro:

- a) Todo o referente a contabilidade e control de gastos e ingresos.
- b) Realizar toda clase de estudos económicos que se soliciten polo Padroado e propoñer a este as solucións que estime pertinentes para a mellor defensa e produtividade do patrimonio da Fundación ou do por ela administrado

Artigo 23.-Facultades do Padroado.

Corresponde ó Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade de acordo co previsto na lexislación vixente. Así mesmo, e para unha maior eficacia, poderá designar equipos de traballo principalmente nas áreas xurídica, administrativa e de asistencia social.

Artigo 24.- Reunións do padroado e convocatoria

O Padroado reunirse, polo menos, dúas veces ó ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da fundación.

Corresponde ó presidente convocar as reunións, por propia iniciativa ou a petición da metade dos membros do padroado.

A convocatoria faráselle chegar a cada un dos membros, polo menos, con cinco días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. Nela farase constar o lugar, día e hora de celebración da reunión, axuntándose, así mesmo, a orde do día.

Non será precisa convocatoria previa cando se encontren presentes tódolos patróns e acorden por unanimidade a celebración da reunión.

Artigo 25.- Formas de deliberar e adoptar acordos

As reunións do Padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse por maioría dos concorrentes, sendo dirimente en caso de empate o voto do presidente, excepto nos casos que de acordo ca lexislación vixente esixanse quórum especiais.

Das reunións do Padroado levantarase polo secretario a correspondente acta, que deberá ser aprobada na mesma ou seguinte reunión. Unha vez aprobada transcribírase no correspondente libro de actas e será asinada polo secretario co visto e prace do presidente.

Artigo 26.-Dereitos e obrigas dos membros do Padroado

Son dereitos dos membros do Padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte
- b) Exercer o dereito de voto
- c) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións

Son deberes dos membros do Padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir as xuntanzas do padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten

O Padroado dará información suficiente dos fins e actividades da fundación para seren coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

Artigo 27.-Responsabilidades dos patróns

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal

Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou ós estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecía a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos se opuxeron expresamente a aquel.

Artigo 28.-Carácter gratuíto do cargo de patrón

Os patróns exercerán o seu cargo sen que, en ningún caso, poidan percibir retribución polo desempeño da súa función; se ben terán dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione.

Artigo 29.-O Xerente

O Padroado por acordo dos seus membros presentes, poderá nomear un xerente outorgándolle o correspondente contrato no que se fixarán os seus deberes, dereitos, atribucións, competencia, remuneración

e demais particularidades que se estimen pertinentes.

Artigo 30.- As Delegacións Territorias

O Padroado poderá nomear e constituír as Delegacións Territoriais da Fundación que considere axeitadas para axilizar a súa tarefa e buscar unha maior eficacia nas súas actividades.

CAPITULO V RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 31.-Patrimonio fundacional

O patrimonio da fundación poderá estar constituído por toda clase de bens e dereitos, sen excepción. A título enunciativo o capital da Fundación estará integrado por:

- a) A dotación fundacional
- b) Os froitos e rendas dos seus bens e dereitos.
- c) As adquisicións a título oneroso ou gratuíto de toda clase de bens e dereitos.
- d) As axudas, legados, herdanzas, doazóns, subvencións, donativos, etc. procedentes de calquera persoa natural ou xurídica, pública ou privada, nacional ou estranxeira.
- e) Por ingresos procedentes das actividades que puidera realiza-la Fundación.

A Fundación poderá realizar tódolos actos e negocios xurídicos necesarios, convenientes para o mellor rendemento do seu patrimonio, sempre cumprindo as disposicións legais aplicables.

O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

Artigo 32.-Dotación da fundación

A dotación da fundación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da fundación e por aqueles outros que no sucesivo se acheguen con ese carácter.

Artigo 33.-Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ó cumprimento dos fins que a fundación persegue.

Artigo 34.-Financiamento

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela ós seus beneficiarios sempre que:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexan contrarios a vontade fundacional.
- c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

Artigo 35.-Réxime financeiro

O exercicio económico coincidirá co ano natural.

Na xestión económico-financieira, a fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

Artigo 36.-Elaboración do Plan de actuación e presentación das Contas anuais

O Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación para o exercicio seguinte cunha previsión das partidas de ingresos e gastos.

O Padroado ou a persoa que este designe, formulará as contas anuais que deberán ser aprobadas polo padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico, e presentaranse ante o Protectorado para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Tanto a plan de actuación como as contas anuais deberan axustarse en canto a contidos, prazos e modelos a lexislación vixente que sexa de aplicación.

CAPITULO VI DA MODIFICACIÓN, AGREGACIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 37.-Modificación de estatutos

Por acordo do Padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente ós intereses da fundación e se cumpran os requisitos previstos na lexislación vixente.

Para a adopción de acordos de modificación, estarase no establecido na lexislación vixente.

Artigo 38.-Fusión con outra fundación

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo de acordo dos respectivos padroados.

Para a adopción do acordo de fusión estarase no establecido na lexislación vixente.

Artigo 39.-Extinción da fundación

A Fundación extinguirase cando non se poidan cumprir os fins establecidos polos presentes Estatutos. En tal caso debera acordarse a disolución polo Padroado segundo a lexislación vixente, nomeando unha comisión liquidadora cas facultades precisas para cumprir súas funcións. Unha vez liquidados os bens, o remanente, de habelo, entregarase a entidades non lucrativas que persigan fins de interese xeral análogos ós da Fundación e que teñan afectados os seus bens, incluso no suposto da súa disolución, á consecución daqueles; e, sexan consideradas como entidades beneficiarias de mecenado conforme a Lei 49/2002, de 23 de decembro; tendo preferencia as que cumprindo estes requisitos formen parte do Padroado da Fundación. Tanto o expediente incoado para a extinción como a actuación dos liquidadores, suxeitarase ó disposto pola lexislación vixente no que fose de cumprimento obrigatorio e non estivese previsto nos presentes estatutos.